



PREZOS LICENZAS FEDERATIVAS

MODALIDADE		Federado por club			Federado sin afiliación a club			Habilitación F.E.E.		
		BÁSICA	PLUS	Licenza extra	BÁSICA	PLUS	Licenza extra	Federados	Técnicos	Árbitros
A	Maior	28,00	47,00	15,00	43,00	63,00	30,00	18,50	28,00	5,50
	Xuvenil	23,00	42,00	15,00	38,00	57,00	30,00	11,50		
	Infantil	19,00	38,00	15,00	34,00	53,00	30,00	1,00		
B	Maior	34,00	58,00	15,00	49,00	73,00	30,00	18,50	28,00	5,50
	Xuvenil	29,00	53,00	15,00	44,00	68,00	30,00	11,50		
	Infantil	23,00	48,00	15,00	38,00	64,00	30,00	1,00		
B1	Maior	41,00	81,00	15,00	56,00	96,00	30,00	18,50	28,00	5,50
	Xuvenil	36,00	67,00	15,00	51,00	82,00	30,00	11,50		
	Infantil	36,00	67,00	15,00	51,00	82,00	30,00	1,00		

CAMBIO DE MODALIDADE		BÁSICA			PLUS		
		A	B	B1	A	B	B1
BÁSICA	A		25,00	35,00	35,00	65,00	80,00
	B			30,00		40,00	75,00
	B1						
PLUS	A+					20,00	45,00
	B+						35,00
	B1+						

PREZOS CUOTAS A CLUBES

	COTA ANUAL CLUB	COTA ALTA CLUB	COTA ALTA CLUB
		En localidades onde xa existen outros clubs	En localidades onde non existen outros clubs
F.E.E.	31,00	51,50	41,50
F.G.E.	41,00	67,00	67,00
F.E.E. + F.G.E.	72,00	118,50	108,50

CONVENIOS ESPECIAIS

	F.G.E.	Habilitación F.E.E.
Convenio Cursos 30 días	30,00	12,50
Convenio Fin de Semana	9,00	10,50

OBSERVACIÓNS

* Prezos en euros.

* Os prezos das licenzas de federado inclúen os seguintes conceptos: Cota da MGD, Seguro de Responsabilidade Civil, Cota da F.G.E. (na licenza da F.G.E.). Detalles na URL: www.espeleoloxia.org

* Unha información máis detallada atópase na páxina web da Federación: www.espeleoloxia.org no documento Normas de Tramitación de Licenzas Deportivas para o ano 2012.

* A póliza inclúe Seguro de Rescate ata 12.000,00 euros.

* A cobertura en Rescates non se aplica nas actividades complementarias.

* O límite de indemnización por sinistro na Responsabilidade Civil é de 1.202.024,00 euros e o límite de indemnización por vítima, de 150.253 euros.

* No momento da solicitude da licenza o federado deberá elixir a súa categoría: DEPORTISTA, TÉCNICO ou ÁRBITRO.


Descrición das licenzas:

Modalidade A - España // Modalidade B - España e Marrocos // Modalidade B1 - Resto de Mundo

* Licenza BÁSICA *Actividades principais* Espeleoloxía, Descenso de Canóns e Espeleomergullo

* Licenza PLUS *Actividades principais* Espeleoloxía, Descenso de Canóns e Espeleomergullo

Actividades complementarias Alpinismo, Canoa, Kayak, Senderismo, Esquí de fondo e Snowboard, Esquí Alpino (excluíndo o Esquí Alpino fora de pista), Caminata con esquis ou raquetas, Escalada en rocha ou obstáculos artificiais, Bicicleta de montaña todo terreo, Uso de "Vías Ferratas" e Mergullo en tódalas súas formas.



Licencia extra federado por club 15,00
Licencia extra sin afiliación a club 30,00

PREZOS LICENZA BÁSICA PARA FEDERADOS POR CLUB

	MODALIDADE A España			MODALIDADE B Europa e Marrocos			MODALIDADE B1 Resto do Mundo		
	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil
M.G.D.	16,20	11,90	11,90	22,10	15,90	15,90	29,30	29,30	29,30
RESP. CIVIL	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51
F.G.E.	10,29	9,59	5,59	10,39	11,59	5,59	10,19	5,19	5,19
TOTAL	28,00	23,00	19,00	34,00	29,00	23,00	41,00	36,00	36,00

PREZOS LICENZA BÁSICA PARA FEDERADOS SIN AFILIACIÓN A CLUB

	MODALIDADE A España			MODALIDADE B Europa e Marrocos			MODALIDADE B1 Resto do Mundo		
	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil
M.G.D.	16,20	11,90	11,90	22,10	15,90	15,90	29,30	29,30	29,30
RESP. CIVIL	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51
Suplemento	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00
F.G.E.	10,29	9,59	5,59	10,39	11,59	5,59	10,19	5,19	5,19
TOTAL	43,00	38,00	34,00	49,00	44,00	38,00	56,00	51,00	51,00

PREZOS LICENZA PLUS PARA FEDERADOS POR CLUB

	MODALIDADE A España			MODALIDADE B Europa e Marrocos			MODALIDADE B1 Resto do Mundo		
	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil
M.G.D.	35,45	35,45	31,50	46,00	46,00	46,00	60,25	60,25	60,25
RESP. CIVIL	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51
F.G.E.	10,04	5,04	4,99	10,49	5,49	0,49	19,24	5,24	5,24
TOTAL	47,00	42,00	38,00	58,00	53,00	48,00	81,00	67,00	67,00

PREZOS LICENZA PLUS FEDERADOS SIN AFILIACIÓN A CLUB


	MODALIDADE A España			MODALIDADE B Europa e Marrocos			MODALIDADE B1 Resto do Mundo		
	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil	Maior	Xuvenil	Infantil
M.G.D.	35,45	35,45	31,50	46,00	46,00	46,00	60,25	60,25	60,25
RESP. CIVIL	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51	1,51
Suplemento	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00	15,00
F.G.E.	11,04	5,04	4,99	10,49	5,49	1,49	19,24	5,24	5,24
TOTAL	63,00	57,00	53,00	73,00	68,00	64,00	96,00	82,00	82,00

PREZOS DAS COTAS DE CLUBES

	COTA ANUAL CLUB	COTA ALTA CLUB En localidades onde xa existen outros clubs	COTA ALTA CLUB En localidades onde non existen outros clubs
	F.E.E.	31,00	51,50
F.G.E.	41,00	67,00	67,00
F.E.E. + F.G.E.	72,00	118,50	108,50

PREZOS CONVENIOS ESPECIALS

	CONVENIO CURSOS 30 DÍAS	CONVENIO FIN DE SEMANA
M.G.D.	9,70	5,50
RESP. CIVIL	1,51	1,51
F.G.E.	18,30	1,99
TOTAL	30,00	9,00



NORMAS DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS PARA O ANO 2012

PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN


- Cada relación de solicitude de licenzas e cada cota de club de afiliación á F.G.E. (Federación Galega de Espeleoloxía) e de club de habilitación á F.E.E. (Federación Española de Espeleología) deben achegar o xustificante bancario do ingreso na conta de Novagalicia Banco: 2080-0000-73-3040093580. Só se aceptará **UN INGRESO POR CADA RELACIÓN, OUTRO POLA COTA DE AFILIACIÓN E OUTRO POLA DE HABILITACIÓN**. No caso contrario, devolverase sen tramitar.
- O solicitante debe cubrir todos os campos da relación para pertencer á F.G.E.
- Os menores de 14 anos sen DNI, poñerán o do pai, nai ou titor legal, engadindo ao final a letra I (i maiúscula). Os maiores desa idade terán DNI propio.
- Os menores de 18 anos necesitan achegar á súa solicitude a autorización paterna, que custodiará o club ao que pertencen.
- A tramitación da licenza farase, a lo menos, cunha antelación de 7 días hábiles a realización da actividade, para que o deportista teña a cobertura do seguro. Recoméndase coñecer as normas de procedemento en caso de accidente, accesibles na web da F.G.E. (<http://www.espeleoloxia.org>) e da M.G.D. (<http://www.mgd.es/>).
- As licenzas da F.G.E. cubriranse a través da web <http://www.espeleoloxia.org>, onde se deben seguir os pasos do MANUAL PARA Á TRAMITACIÓN DE LICENZAS.
- As habilitacións da F.E.E. cubriranse no impreso oficial para Deportistas, Técnicos, Xuíces ou Convenios Especiais -mecnografado ou en maiúsculas-, descargando, cada vez, da web <http://www.fedespeleo.com> e enviando por correo electrónico a espeleoloxia@gmail.com.
- A F.G.E. tramitará as licenzas cada xoves, último día laborable na súa sede.

CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Todas as persoas incorporadas á relación de solicitude de licenza da F.G.E. e de solicitude de habilitación na F.E.E., a través desta Federación Territorial, aceptan expresamente as condicións recollidas no presente **AVISO LEGAL**:

En conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), os datos de carácter persoal incorporados ao presente documento son veraces e actualizados. A recollida destes realizouse co consentimento da persoa ou o seu representante legal, para ser incorporados a un ficheiro de datos de carácter persoal, titularidade da Federación Galega de Espeleoloxía (F.G.E.) -e rexistrados ante a Axencia de Protección de Datos-, a cal informa das seguintes consideracións:

A finalidade destes son as xestións inherentes aos federados en espeleoloxía: xestión da tarxeta federativa, envío de información de actividades e eventos, xestión do historial deportivo e técnico ou calquera outras recollidas nos seus Estatutos.



FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

Todos os datos obtidos do presente formulario son necesarios para poder tramitar a licenza federativa. O federado dá o seu consentimento expreso para que a F.G.E. poida ceder os seus datos de carácter persoal á entidade ou entidades aseguradoras coas que terá acordos, coa finalidade de cubrir a asistencia médica, en caso de accidente, nunha actividade baixo as modalidades recollidas na cobertura da licenza.

Así mesmo, a F.G.E. infórmao de que adoptará as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda ou tratamento non autorizado, habida conta, en todo momento, do estado da tecnoloxía.

Finalmente, o federado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, en cumprimento do establecido na LOPD, mediante o envío dunha notificación por correo postal á seguinte dirección: Federación Galega de Espeleoloxía, Casa do Deporte, Rúa Fotógrafo Luis Ksado nº17, of.15, 36209 Vigo.

LICENZAS

As licenzas que expide a F.G.E. para Deportistas, Técnicos e Árbitros son válidas para a práctica deportiva en todo o Estado e/ou o estranxeiro. Os seus prezos foron aprobados na Asemblea Xeral da F.G.E. de 24 de setembro de 2011.

Tipos


- **Licenza de Federado de club:** Licenza solicitada a través dun club
- **Licenza de Federado sen afiliación a club:** Licenza solicitada por unha persoa sen que sexa necesario a súa pertenza a un club.
- **Licenza Extra:** Os duplicados da licenza, salvo roubo ou outros imponderables.

Categorías

- **Deportista:** É a categoría base de todos os federados.
- **Técnico:** Facultan ao seu titular como Técnico da Escola Galega de Espeleoloxía (E.G.E.), sendo necesario ter algunha titulación de Técnico recoñecida por esta Escola.
- **Árbitro:** Facultan ao seu titular como Árbitro da Federación Galega de Espeleoloxía, sendo necesario ter algunha titulación de Árbitro recoñecida por esta Federación.
- Para as de Técnico e Árbitro a cobertura, modalidade e custe económico é o mesmo que para a licenza de Deportista Mayor.

Modalidades da cobertura

- **Básica:** Cobre as actividades principais, propias da Espeleoloxía: Espeleoloxía, Descenso de Canóns e Espeleomergullo.
- **Plus:** Cobre as actividades principais: Espeleoloxía, Descenso de Canóns e Espeleomergullo. E ademais da cobertura nas seguintes actividades complementarias: Alpinismo, Canoa, Kayak, Senderismo, Esquí de Fondo e Snowboard, Esquí Alpino (excluíndo o Esquí Alpino fora de pista), Caminata con Esquí ou raquetas, Escalada en rocha ou obstáculos artificiais, Bicicleta de montaña todo terreo, Uso de “Vías Ferratas” e Mergullo en tódalas súas formas.



FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

Atendendo a idade

- **Maiores:** A partir dos 18 anos cumpridos.
- **Xuvenís:** De 14 a 18 anos.
- **Infantís:** Menores de 14 anos.

Cambios de modalidade

A F.G.E recomenda prever, no momento da solicitude, as actividades a realizar, xa que o cambio de modalidade implica un custe adicional.

Poderase facer un cambio de modalidade, se supón unha mellora de prestacións ou ámbito xeográfico. Non se permitirán os cambios que impliquen unha mingua dos mesmos.

Convenios Especiais

Ditas licenzas so poderán tramitarse colectivamente ao través dos clubs, os cales deberán **CERTIFICAR, OBRIGATORIAMENTE**, o tipo de actividades a desenvolver (cursos ou campañas de divulgación), a data das mesmas e a localización xeográfica.

- Convenios Cursos 30 días.
- Convenios Fin de Semana.

Cota de club da F.G.E.

Para solicitar as licenzas autonómicas, os clubs deben ter satisfeito a correspondente cota de club da F.G.E.

Habilitación de licenzas na F.E.E.

Para habilitar unha licenza é necesario obter previamente a súa análoga autonómica.

Dita habilitación é necesaria para a participación en competicións ou actividades deportivas de ámbito estatal organizadas pola F.E.E., segundo a categoría elixida: Deportista, Técnico ou Árbitro.

Habilitación de Convenios Especiais na F.E.E.

Para habilitar unaha licenza é necesario obter previamente a súa análoga autonómica.

Ditas licenzas só poderán tramitarse colectivamente ao través dos clubs.


Dita habilitación é necesaria cando se pretenda que a F.E.E. homologue o curso.

Cota de club da F.E.E.

Para habilitar as licenzas, os clubs deben ter satisfeito a correspondente cota de club da F.G.E. e da F.E.E. Os prezos das mesmas son os aprobados pola Asamblea Xeral da F.E.E.

Cobertura en caso de accidente

- **Asistencia médica:** Actividades principais e complementarias (modalidades Básica e Plus. Convenios Especiais só en España).
- **Responsabilidade Civil:** Actividades principais e complementarias (modalidades Básica e Plus con cobertura mundial, agás EE.UU. e Canadá. Convenios Especiais só en España.).



FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

- **Rescates:** Actividades principais (modalidade Básica e só ás propias da Espeleoloxía na modalidade Plus. Convenios Especiais só en España).
- Os Convenios Especiais só otorgan a cobertura dos seguros perante o periodo contratado.
- Consultar Condicións Particulares e Xerais da Asistencia Médica e Rescates en <http://www.espeleoloxia.org> e Xerais na M.G.D. (<http://www.mgd.es/>).
- Consultar Condicións Particulares, Especiais e Xerais da Responsabilidade Civil en <http://www.espeleoloxia.org>.

Vigo, decembro de 2012

